

CIRCULAR 270

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MARZO 2018



2018M

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e Responsable da páxina web.



José Manuel Oreiro Blanco

Secretario / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coa Sección de Psicoloxía de Xurídica.



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



Marta Rivas Rodríguez

Vogal



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde / Coordinador coa Comisión de Ética e Deontoloxía.



Alejandra Fernández Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 271 e sairá a principios do mes de maio de 2018.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de abril de 2018.

5	Información Xeral
14	Información das Seccións
20	GIPCE
21	Comisión de Ética e Deontoloxía
22	Comisión Intersectorial de Xénero
23	Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo
25	Grupo de Tráfico e Seguridade

Editorial

A psicoloxía clínica na saúde pública, inaccesible

Nos últimos nove anos, só se crearon en Galicia tres prazas para especialistas en Psicoloxía Clínica no Sergas. É dicir, que apenas noventa profesionais exercen na rede pública nunhas condicións que fan imposible a prestación dos servizos reco-llidos na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde. Estase a vulnerar un dereito esencial da cidadanía.

Quen tivo que pasar pola atención á saúde mental sabe que isto vai moito máis alá dunha mera reivindicación corporativista. Non precisamos entrar nas ratios e en comparativas con outros países da nosa contorna, coñecemos os números e saímos perdendo de lonxe. Unha de cada tres consultas nos servizos en atención primaria está vinculada coa saúde mental; consultas que se resolven do mesmo xeito que as demais patoloxías: receitando fármacos. Ademais, estímase que en atención primaria só se identifican a metade dos problemas de saúde mental que chegan.

Destas persoas, unha pequena porcentaxe accederá a servizos de psicoloxía clínica, por suposto sen ser derivada directamente polo médico de atención primaria, xa que deberá pasar por psiquiatría antes, un feito que cuestiona a autonomía profesional dos psicólogos e psicólogas. E alí terá que agardar ata seis me-

ses entre consultas pola saturación das axendas. Isto non é un dato menor cando a depresión é actualmente a segunda causa das baixas laborais (antes da crise económica chegou a ser a primeira, pero o medo a perder o traballo e o estigma asociado a este trastorno están tras a diminución).

A depresión cóstalle á Unión Europea 92.000 millóns de euros ao ano. Só a depresión. Aínda que só fose por razóns económicas e se ignorase o sufrimento que está ocasionando a quen a padece, pagaría a pena estudar como atallar decididamente esta problemática de saúde mental que está entre as primeiras causas de discapacidade do mundo, segundo a Organización Mundial da Saúde. E neste sentido, a prevención e a abordaxe temperá son cruciais.

En Galicia, a prevalencia de trastornos mentais con carácter crónico, como a depresión ou a ansiedade crónicas, supera con moito a media estatal (sobre o total de persoas con enfermidades crónicas, a prevalencia da depresión crónica en Galicia é dun 12,06% fronte ao 7,83% estatal, e dun 12,57% fronte a un 7,6% no da ansiedade crónica), e un 9,5% da poboación galega sufriu nalgún momento da súa vida algún trastorno mental vinculado ao consumo excesivo de alcohol, case o triplo respecto á media estatal. As taxas de suicidio continúan en niveis altísimos, sendo a segunda comunidade autónoma con maior taxa do Estado. Son algúns datos que nos obrigan a prestar unha atención a unha realidade específica con necesidades concretas de atención psicolóxica.

A previsión é que na próxima Oferta Pública de Emprego do Sergas non se convoque ningunha praza para especialistas en psicoloxía clínica. Desde o Colexio de Psicoloxía seguimos presionando para que isto cambie, porque é unha necesidade obxectiva e urxente. Os psicofármacos non poden ser a única solución que se ofrezca desde a sanidade pública aos problemas de saúde mental: é inxusto, é caro, favorece a cronicación dos trastornos, é prexudicial para a saúde das persoas. De seguir con esta política teremos que seguir lamentando prevalencias de trastornos mentais tan elevadas, miles de persoas que só poden acceder a psicofármacos con problemáticas cronicadas, pacientes sen diagnosticar que sofren sen atopar resposta.

Relacións Institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Asistiu á reunión da Asemblea Xeral de Unión Profesional de Galicia celebrada o 28 de decembro en Santiago de Compostela.
 - Reuniuse coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, e co director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, en relación co convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o programa piloto de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes en Galicia, celebrada o 29 de decembro en Santiago de Compostela.
-



Mª Rosa Álvarez Prada

A vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, participou na primeira xuntanza aberta da Casa Xohana Torres o 6 de febreiro en Santiago de Compostela.



Mª Concepción Rodríguez Pérez

O colexiado Mariano Carrero Moure asistiu á primeira reunión do Grupo de Traballo en Saúde Mental Infanto Xuvenil para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental, que se celebrou o 9 de febreiro en Santiago de Compostela.

En representación do colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Acudiu á recepción cidadá de Nadal do Concello de Santiago de Compostela o 20 de decembro.
- Presenciou o acto de entrega do Premio María Josefa Wonenburger Planells 2017, concedido a Begoña Vila Costas, organizado pola Xunta de Galicia, o 27 de decembro en Santiago de Compostela.



Mariano Carrero Moure

■ Asistiu ao «Fórum Europa. Tribuna Galicia» no que participou o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, organizado por Nueva Economía Fórum e celebrado o 15 de xaneiro en Santiago de Compostela; así como no que interveu o voceiro do Grupo Parlamentario En Marea no Parlamento de Galicia, Luis Villares o 15 de febreiro en Santiago de Compostela.



Mª Rosa Álvarez Prada

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu ao «I Congreso nacional de profesións» é á Asemblea de decanos e decanas organizada por Unión Profesional, entre os días 18 e 19 de xaneiro en Madrid.

O vogal da Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG, José Manuel Pazos Riveiro, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Defensa da Profesión e contra o Intrusismo do Consejo General de la Psicología, que tivo lugar o 27 de xaneiro en Madrid.



José Manuel Pazos Riveiro

O secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu á reunión de secretarios do Consejo General de la Psicología, celebrada o 10 de febreiro en Madrid.



José Manuel Oreiro Blanco

O Colexio de Psicoloxía esixe o acceso a Tratamentos Psicolóxicos sen derivación previa desde Servizos de Psiquiatría

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresa a súa preocupación e alarma ante os feitos expostos ante a opinión pública pola Comisión de Centro do Complexo Hospitalario Universitario

de Ourense, segundo os cales as persoas usuarias non poderán acceder a consultas de psicoloxía clínica sen pasar previamente por psiquiatría. Para o COPG **resulta inaceptable que desde o Servizo de Psiquiatría deste hospital se estean a tomar decisións que vulneran o dereito dos/as pacientes a acceder a tratamentos psicolóxicos dos que poderían beneficiarse** e esixe a retirada deste criterio. Non existe ningún argumento técnico ou de xestión que xustifique que un ou unha paciente deba ser atendido en primeira instancia por un ou unha psiquiatra tras ser derivado a un profesional da Psicoloxía Clínica por parte dun médico ou médica de familia ou de calquera outro profesional.

Resumo anual de actividade de 2017 da Xunta de Goberno do COPG

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborouse un documento da actividade que desenvolveu a Xunta de Goberno do COPG no que se recollen as principais iniciativas e accións ao longo do 2017.

Podes ler o resumo en:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/resumo_actividade_2017.pdf.

Exposición aos riscos psicosociais no colectivo profesional de xornalistas de Galicia

Dentro do acordo de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Profesional de Psicoloxía de Galicia, en decembro deuse a coñecer o estudo sobre a «*Exposición aos riscos psicosociais no colectivo profesional de xornalistas de Galicia*», realizado polo Grupo de Traballo de Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de PTO.

Este proxecto tiña como obxectivo principal de proporcionar asesoramento técnico para a avaliación descritiva das condicións de traballo de orixe psicosocial aos que están expostos os xornalistas colexiados e colexiadas, e así dar a coñecer a importancia de realizar este tipo de avaliacións dos riscos psicosociais.

Pódese consultar o estudo completo en:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/estudo_riscos_psicosociais_xornalistas.pdf.

COPG patrimonio común

O lema do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en 2018 é «**COPG, Patrimonio Común**», por iso seleccionamos algúns dos feitos máis importantes que constitúen este patrimonio e que están dispoñibles nesta galería na web:

<https://copgalicia.gal/galeria/xeral/copg-patrimonio-comun>.

O Colexio de Psicoloxía de Galicia iniciou máis de 30 actuacións por intrusismo en 2017

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia iniciou un total de 31 expedientes por posible intrusismo profesional en 2017, a través da súa Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo. O Colexio ten a función de velar por que á cidadanía se lles ofrezan servizos de psicoloxía que garantan e cumpran coa calidade e as obrigas legais establecidas, xa que no seu exercicio está en cuestión o benestar, a saúde, a calidade de vida, a plenitude do desenvolvemento das persoas e dos grupos, nos distintos ámbitos da vida individual e social. Así pois, a colexiación é unha garantía pública de que o psicólogo ou psicóloga cumpre tanto coa titulación e cos requisitos legais para exercer, sexa cal sexa a especialidade ou área de traballo.

Eleccións á Xunta de Goberno do COPG

En cumprimento do disposto no Artigo 36 dos Estatutos do COPG (Decreto 114/2008, do 22 de maio da Xunta de Galicia. DOG nº 110, de 9 de xuño de 2008) a Xunta de Goberno acordou, na súa reunión do 30 de xaneiro de 2018, proceder á convocatoria de eleccións á Xunta de Goberno do COPG para o día 4 de maio.

Máis información en <https://copgalicia.gal/novas/xeral/elecciones-xunta-de-goberno-do-copg>.

Eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG

En cumprimento do previsto no Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a Comisión Coordinadora, na súa xuntanza de 10 de outubro de 2017, decidiu convocar **Eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG para o día 21 de abril**.

Máis información en <https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-do-traballo-e-das-organizacions/elecciones-xunta-directiva-da-seccion-de>.

IV Congreso da Ordem de Psicólogos Portugueses

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia chegou a un acordo coa Ordem de Psicólogos Portugueses para colaborar na cuarta edición do Congreso OPP que organiza esta entidade e que se celebrará entre os días 12 e 15 de setembro de 2018 na cidade de Braga.

Grazas a este acordo, os colexiados e colexiadas do COPG poden gozar de prezos reducidos na súa inscrición que pode realizarse xa a través da web www.oppcongreso2018.pt.

Este 4º Congreso OPP centrarase no papel da psicoloxía na prevención e na promoción do desenvolvemento das persoas, da cohesión social e do crecemento económico. No programa científico que se dará a coñecer proximamente haberá unha significativa presenza galega, así que é unha oportunidade para tirar proveito da conexión lusófona e participar nun dos maiores encontros profesionais deste 2018 na península ibérica.

Inauguración da exposición «Puntadas Anónimas»

O 23 de xaneiro inaugurouse na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a exposición **«Puntadas anónimas»** da artista e psicóloga colexiada Encarna Álvarez Gallego. Nela pódense contemplar varias obras que destacan pola utilización de mestura de pinturas e texturas. A mostra permanecerá no Colexio para a súa libre visita ata o 15 de abril.



Trixésimo quinta edición do FOCAD

O 17 de xaneiro deu comezo a trixésimo quinta edición do FOCAD, o programa de Formación Continuada a Distancia do Consejo General de la Psicología, con varios bloques de materiais que os colexiados e colexiadas que teñan interese poderán descargar e imprimir para o seu estudo ata o 1 de abril de 2018. Máis información en: <https://copgalicia.gal/novas/xeral/nova-edicion-focad>.

FOCAD para divisións:

O programa de Formación Continuada a Distancia en Psicoloxía FOCAD do Consejo General de la Psicología inicia unha liña

de formación específica para os membros das actuais divisións postas en marcha polo Consejo.

Máis información en: <https://copgalicia.gal/novas/xeral/nova-edicion-focad>.

Información do Programa Piloto de Atención Psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima

Unha das reivindicacións máis antigas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), é a incorporación de psicólogos e psicólogas ás oficinas de atención á vítima dos xulgados galegos. Trátase dun dereito recoñecido por lei, e que en Galicia, a diferenza das demais Comunidades Autónomas que teñen transferidas as competencias en materia de xustiza, non existía. En outubro de 2017, e con carácter de urxencia, asinamos un convenio coa Xunta de Galicia, que permitiu desenvolver nestes meses un programa piloto de atención psicolóxica nas sete oficinas dos xulgados galegos. Grazas a isto permitiuse demostrar a necesidade e a eficacia da atención psicolóxica nestas oficinas, polo que a administración pública comprometeuse a creación das prazas públicas a maior brevidade posible.

Regulamento de Réxime Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG

Na Xunta de Goberno do 30 de xaneiro de 2018 aprobouse o Regulamento de Réxime Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Este Grupo está formado por todos os membros colexiados e colexiadas que desenvolven a súa actividade profesional, docente

ou investigadora no ámbito da prevención e intervención en pro da seguridade na mobilidade así como noutras actividades de risco para terceiros.

Podes acceder ao Regulamento ao en https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_rexime_interno_do_grupo_de_trafico_e_da_seguridade.pdf.

Achegas realizadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou achegas para a elaboración do Plan Municipal de Prevención de Drogodependencias do Concello de Santiago de Compostela.

Préstamo de tests do COPG en 2017

Un total de 105 colexiadas e colexiados fixeron uso do servizo de empréstito de material de avaliación psicolóxica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en 2017. En total, prestáronse 282 tests ao longo do ano, o que evidencia a demanda que ten este servizo no que estamos a traballar para melloralo ano a ano. Actualmente contamos cun fondo con 73 probas distintas que podes solicitar a través da páxina web en <https://copgalicia.gal/servizo-de-emprestito-de-material-de-avaliacion-psicologica>.

Acreditación de psicólogo/a experto/a en Psicoloxía Educativa

O Consejo General de la Psicología acaba de poñer en marcha a Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Educativa. A tramitación en Galicia, a efectos de presentación de solicitudes e de recollida de documentación, realízase a través do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A información do procedemento está dispoñible na web www.acreditaciones.cop.es, ao igual que para as demais acreditacións postas en marcha polo Consejo.

O COPG denuncia o abandono da Atención Psicolóxica no Sistema Público de Saúde

O COPG fixo público o seu malestar diante da previsión de que non se convoque ningunha praza para especialistas en Psicoloxía Clínica na próxima Oferta Pública de Emprego do SERGAS, cando estimamos que son imprescindibles polo menos 26 prazas para equipararnos á xa exigua media estatal. Nun comunicado denunciámos que con esta infradotación de psicólogos e psicólogas clínicas é imposible prestar os tratamentos psicolóxicos que se recollen na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, o que implica desatender a saúde mental da poboación galega e vulnerar os seus dereitos recollidos por lei. Desde o COPG apelamos a unha verdadeira comunicación entre as partes implicadas, profesionais, Administración e persoas usuarias, co fin de definir unha planificación estratéxica en saúde mental eficiente e responsable.

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

 **Facebook:** <https://www.facebook.com/copgalicia>

 **Twitter:** [www.twitter.com/copgalicia](https://twitter.com/copgalicia) / [@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia)

 **LinkedIn:** <https://www.linkedin.com/company/copgalicia/>

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

PROXECTO «CAMBIOS NA FALA, CAMBIOS NA MENTE»

Comunicado da Sección sobre a campaña de sensibilización:

Continuamos coa idea de contribuír a un mundo máis xusto para as persoas independentemente da súa situación persoal. Dedicaremos este ano 2018 a facer unha campaña de sensibilización que ten como lema «**Cambios na fala, cambios na mente**» coa que pretendemos tomar conciencia da nosa linguaxe como expresión de respecto e de madurez persoal e profesional.


A campaña mostrará expresións que forman parte do vocabulario habitual pero que poden arrastrar connotacións pouco apropiadas e que polo tanto poden mudarse a outras máis axustadas á realidade. O foco de atención desta campaña son as persoas maiores pero pode aplicarse a todas as relacións interpersoais en calquera idade, pois as palabras seguen a ser a expresión verbal da interpretación da realidade. No marco deste proxecto o pasado 24 de febreiro tivo lugar un obradoiro de presentación da campaña co cal se pretende facer fincapé e sensibilizar sobre os estereotipos perpetuados e interiorizados respecto ás persoas maiores.

As persoas que estean interesadas en aplicar dito proxecto, desde o Colexio pódesele facilitar o soporte gráfico necesario para que o desenvolvan no seu concello, asociación, lugar de traballo, etc.

No seguinte enlace podes acceder ao material de empréstito.
<https://copgalicia.gal/galeria/seccion-de-psicologia-da-intervencion-social/proxecto-cambios-na-fala-cambios-na-mente>

Formación específica: as redes sociais

A Sección ten previsto iniciar unha formación específica en dous campos que na Intervención Social teñen moita aplicación



Proxecto «Cambios na fala, cambios na mente»

e cada vez máis demanda de atención. Por un lado, a atención psicolóxica a domicilio coa proposta dun curso online específico para profesionais e que terá tamén unha xornada complementaria presencial. Por outro lado, o curso de Psicología Comunitaria celebrado o ano pasado e que se complementará coa aprendizaxe do manexo e análise das redes sociais como ferramenta de traballo. O obxectivo desta acción formativa é alcanzar a maior efectividade no deseño, implementación e avaliación de intervencións comunitarias. Tamén permitirá poñer en marcha procesos de influencia social, fomentar as relacións interpersoais, segmentar grupos, promover o intercambio de apoio social, coordinar organizacións comunitarias e facilitar a colaboración entre os participantes ou profesionais durante a aplicación de programas.

Toda a información será enviada polos medios habituais, e, como sempre, a Sección agradece que a través do COPG se compartan as inxedanzas profesionais e se envíen achegas.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

«Neuropsicoloxía e trastorno do desenvolvemento intelectual»

Os días 19 e 20 de xaneiro tivo lugar o curso **«Introdución á avaliación e intervención neuropsicolóxica en persoas adultas con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual»** impartido pola **Dra. Susanna Esteba-Castillo** e coordinado por Vanessa Vilas Riotorto



Momento do curso

(Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG) e por M^a del Carmen Antón San Luis (Sociedade Galega de Neuropsicoloxía). As persoas asistentes adquiriron coñecementos prácticos sobre a avaliación, o diagnóstico, a comorbilidade e a intervención no trastorno do desenvolvemento intelectual desde o eido da neuropsicoloxía. A relatora resaltou a importancia de identificar as necesidades desta poboación e as dificultades que experimentan para recibir unha adecuada atención sanitaria.

Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Neuropsicoloxía Clínica

Desde a sección informamos que as solicitudes das persoas colexiadas para esta acreditación non serán valoradas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, senón directamente polo **Comité de Valoración do Consejo General de la Psicología**.

Máis información na seguinte páxina web: www.acreditaciones.cop.es

Plan Estratéxico de Saúde Mental

A **Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial** do SERGAS solicitou colaboración ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a elaboración do novo **Plan Estratéxico de Saúde Mental**. Varios colexiados e colexiadas foron designados e xa se incorporaron aos diferentes grupos de traballo que participarán na preparación de dito plan.

Oferta Pública de Emprego do Servizo Galego de Saúde

Na vindeira convocatoria de Oferta Pública de Emprego do SERGAS non está previsto que se convoquen prazas para especialistas en psicoloxía clínica. A Sección de Psicoloxía e Saúde manifestou que esta infradotación de especialistas segue contrbuíndo á desatención da saúde mental da poboación galega, á precarización profesional ou a unha abordaxe maioritariamente psicofarmacolóxica.

Máis información en: <https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-saude/o-goberno-galego-abandona-atencion-psicologica-no-sistema>

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Xornada de Alta Capacidade Cognitiva

O día 17 de febreiro celebrouse no COPG unha xornada convocada para abordar o tema das «necesidades do alumnado con altas capacidades», temática de grande importancia e relevancia no contexto educativo que terá a segunda edición o vindeiro 7 de abril. Cunha metodoloxía teórico práctica o curso foi impartido por Luis Rodríguez Cao, catedrático de Educación Secundaria e psicólogo, responsable da área de Superdotación Intelectual da Coruña desde a súa posta en funcionamento en 1998 ata 2017, área que se ocupa do diagnóstico e da orientación educativa do alumnado con alta capacidade intelectual dos centros de educación non universitaria.

Os obxectivos do curso centráronse en comprender as súas características e necesidades para dar unha resposta educativa axeitada, xa que malia ser recoñecidos como alumnado de necesidades específicas de apoio educativo, non están a recibir a atención que precisan, a súa problemática é pouco coñecida e ao contrario dos mitos que existen sobre eles, necesitan apoio tanto no plano intelectual coma emocional.

*Ligazón ao apartado da
Sección de Psicoloxía
Educativa da páxina web
do COPG:
[https://copgalicia.gal/
seccions/educativa](https://copgalicia.gal/seccions/educativa)*



Durante a xornada




SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Grupo Virtual: Emocións e Organizacións

Activouse o grupo virtual «Xestión das Emocións nas Contornas Organizacionais», un grupo de traballo de apoio creado a petición da División PTORH no marco dos traballos de asesoramento ao desenvolvemento da Norma ISO TC/260 sobre a xestión de recursos humanos nas organizacións que nestes momentos está levando a cabo o Consejo General de la Psicología. Trátase dun grupo configurado a nivel estatal e formado por 8 membros que proceden do Comité Técnico Nacional de Normalización AEN/CTN 314, dos colexios de psicoloxía de Madrid, Comunitat Valenciana, Andalucía Oriental e Galicia.

Considerando que é incuestionable a xestión das emocións no contexto laboral, e o seu papel estratéxico nas organizacións, o grupo de traballo iniciou as súas actividades co obxectivo de elaborar e desenvolver unha metodoloxía que permita identificar e xestionar de xeito eficaz as emocións no ámbito do traballo e redactar un informe-proposta para a futura creación dun grupo **formal** de traballo para a súa consideración a nivel internacional no marco da ISO, ou nacional no marco de **UNE-AENOR**. Nestes momentos, o Comité Nacional está abordando aspectos vinculados aos procesos de selección de persoal, de desenvolvemento profesional, liderado e clima laboral, benestar persoal e organizacional e prevención de riscos psicosociais.

Ao longo do ano 2018 tense previsto ampliar a listaxe de ámbitos de intervención susceptibles de análise desde a perspectiva de estudo das emocións, nesa tarefa desde o COPG incorporáronse os colexiados Antonio Fuertes Saavedra e Carlos Montes Piñeiro, membros da Sección PTO e que forman parte do citado grupo desde o ano pasado.



Accións para visibilizar espazos profesionais

A sección continúa coas campañas institucionais para informar sobre os distintos ámbitos de actuación e poñer en valor as intervencións PTO, programación que se irá ampliando no transcurso do ano a través de distintos foros de debates, cursos e colaboración en proxectos con outras institucións.

Recentemente, na liña de dar visibilidade á profesión planificouse, conxuntamente co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) unha campaña sobre o «Estrés laboral e o traballo autónomo» que inclúe materiais divulgativos e didácticos para a promoción da prevención de riscos laborais. Estas accións enmárcanse no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia co obxectivo de promover a saúde no traballo.

Esta campaña engádese á xa iniciada sobre os procedementos e métodos para a avaliación de persoas en contornas organizacionais, contemplada na prestación de servizos da Norma UNE-ISO 10667, norma internacional e ferramenta de traballo encamiñada a asegurar a calidade dos procesos de avaliación durante todo o ciclo laboral a nivel individual, grupal e organizacional.

Respecto a área da Orientación Sociolaboral proséguese coa divulgación das competencias e funcións do psicólogo e psicóloga na administración pública iniciada en 2017 e comezáronse os contactos cos distintos grupos parlamentarios para expoñer distintas problemáticas e dar a coñecer o alcance das intervencións. Por outra banda, está en marcha o esbozo dun proxecto sobre un observatorio ocupacional.

No concernente á Acreditación Profesional apoianse todas as iniciativas relacionadas coa certificación EUROPSY Especialista PTO, nestes momentos a sección está colaborando co Consejo General de la Psicología nos talleres formativos sobre competencias profesionais e os procesos de supervisión no marco do proceso de acreditación.



SECCIÓNS

Psicoloxía e Saúde

Psicoloxía Educativa

Psicoloxía da Intervención Social

Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Psicoloxía Xurídica

COMISIÓNS

De Cultura

De Ética e Deontoloxía

Intersectorial de Mediación

Intersectorial de Xénero

Para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo

De Psicoloxía do Deporte

GRUPOS

Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emexencias

Tráfico e da Seguridade

COPG
PATRIMONIO
COMÚN

2018

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación interna

Este ano 2018 a actividade do grupo dou comezo cunha nova edición do seminario «**Repensando as Intervencións de 2017**», que se levou a cabo os días 25 e 26 de xaneiro. Como ven sendo habitual, nesta acción formativa expóñense as intervencións máis complexas levadas a cabo durante o ano anterior, ca finalidade de dotar os membros do GIPCE de coñecementos no só teóricos, senón que tamén prácticos, xa que están baseados na experiencia de intervención dos propios compañeiros e compañeiras.



Durante a sesión formativa

Reunión Interna Anual

O 26 de xaneiro, celebramos a **reunión interna anual** do GIPCE, na cal se trataron temas relativos aos novos compañeiros e compañeiras, á memoria económica, e á Acreditación de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de la Psicología. Así mesmo os membros da comisión coordinadora explicaron as actividades desenvolvidas desde as diferentes áreas de traballo.

Formación prevista

Os días, 2, 3, 16 e 17 de marzo terá lugar o «**Curso de comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e intervención en dó**». Esta formación, que se celebrará na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), vai dirixida fundamentalmente aos novos membros do GIPCE-COPG, aínda que será de acceso para todas as persoas colexiadas e estudantes do último curso do grado de Psicoloxía, que estén interesados neste ámbito. Os obxectivos máis prioritarios de dita formación é proporcionar os coñecementos teóricos e as ferramentas prácticas necesarias para o bo desempeño da nosa actividade e favorecer o acceso dos novos compañeiros e compañeiras ao grupo de intervencións, GIPCE-112.

Ligazón ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE): <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

OS PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS COMO PERITOS E COMO TESTEMUÑAS

Perito e testemuña

Na profesión de psicólogo/a encontrámonos con moita frecuencia a situación de que somos requiridos polos xulgados para a elaboración e defensa en xuízo de informes psicolóxicos. Cómpre facer aquí unhas cantas precisións sobre as diferenzas entre ser chamado como perito ou como testemuña.

O perito é un profesional dotado de coñecementos especializados que asesora os tribunais de xustiza (á propia instancia ou a solicitude dunha das partes) sobre puntos litixiosos que son materia do seu ditame pericial.

A testemuña é unha persoa que é chamada ao proceso e que proporciona os seus coñecementos subxectivos sobre feitos que percibiu ou que lle foron contados.

A principal diferenza, polo tanto entre ambas figuras é que o perito é contratado para facer un ditame pericial obxectivo, de valoración, mentres que a testemuña, debido a súa relación cos feitos axuizados (terapia psicolóxica a unha das partes do proceso, xeralmente) é requirida para achegar os seus coñecementos subxectivos sobre os feitos obxecto do litixio, coa finalidade de auxiliar a administración de xustiza.

No ámbito da psicoloxía debemos aclarar que calquera psicólogo/a pode ser chamado como testemuña a un proceso; pola contra, para poder ser contratado como perito debe cumprir os requisitos esixidos pola normativa vinculante.

Outras diferenzas entre estas dúas institucións encontrámoas no ámbito da recusación (só os peritos poden ser recusados, xa que deben ser imparciais); na obriga de declarar que se impón as testemuñas (os peritos poden rexeitar o encargo antes da súa aceptación); na substitución (só poden ser substituídos os peritos); así como nas advertencias legais que a xustiza lles realiza: a testemuña é advertida da obriga de dicir a verdade e



da responsabilidade penal na que incorrerá se faltase a tales deberes, mentres que o perito é advertido da obriga de proceder fielmente no desempeño das súas funcións.

	PERITO	TESTEMUÑA
TIPO RECOÑECEMENTO	Obxectivo	Subxectivo
APTITUDE	Cumprimento dos requisitos	Calquera persoa física
RECUSACIÓN	Pode ser recusado	Non cabe recusación
RECHAZO	Poden rexeitar o encargo	Deben declarar obrigatoriamente
OBRIGAS	Proceder fielmente	Dicir a verdade



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- O suxeito dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo. Se che solicita unha copia, dállea.
- Non emitas xuízos, comentarios ou conclusións sobre persoas que non avaliaches e non deron o seu consentimento.

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

Ligazón ao apartado da Comisión Intersectorial de Xénero: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-xenero>

Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal

A Comisión Intersectorial de Xénero do COPG vén de crear o Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal, un ámbito que trata temas relacionados con trastornos emocionais durante o embarazo, as perdas xestacionais ou perinatais, o vínculo temperán, a violencia obstétrica, a depresión posparto, a prematuridade, os cambios relacionados coa paternidade, a lactancia, etc. Trátase dun período no que adoita prestárselle especial atención aos coidados físicos, pero diversos estudos sinalan a súa incidencia na saúde física e tamén psicoemocional das mulleres, dos bebés e do funcionamento adaptativo dentro do ámbito familiar.

Balance de actuacións 2017

A Comisión para a Defensa da Profesión e a prevención do Intrusismo presentou diante da sociedade galega o balance da súa actuación no percorrer do ano 2017.

Os medios de comunicación recolleron, en titulares, que se incoaran máis de trinta expedientes contra de casos de intrusismo, porque o noso Colexio profesional «ten a función de velar por que á cidadanía galega se lle ofrezan servizos de psicoloxía que garantan e cumpran coa calidade e as obrigas legais establecidas, xa que, no seu exercicio, está en cuestión o benestar, a saúde, a plenitude do desenvolvemento das persoas e os grupos, nos distintos ámbitos da vida individual e social. A colexiación é unha garantía pública deses requisitos legais para exercer».

Debemos completar esa comunicación e balance público engadindo que, dos trinta e un expedientes abertos, vinte foron pechados satisfactoriamente e catro están en vías de solución. Quedan sete en trámite e sen resolver. Esta información pública tivo como efecto o incremento de denuncias de novos casos de suposto intrusismo a atender pola Comisión.

No fin de ano, a Comisión sentiuse obrigada a reiterar o compromiso ético plasmado no documento elaborado, de consumo, co Colexio Profesional de Xornalistas sobre Información e Sufrimento Humano. Está escrito nese documento que «a nosa colaboración quere constituír unha chamada de atención sobre as eivas que, con frecuencia, detectamos, na elaboración das noticias, especialmente nas informacións relacionadas co sufrimento humano, carencias e eivas que moitas veces non respectan o dereito á intimidade das vítimas e acaban por incrementala súa dor. Á hora de abordar a información relativa a nenos e nenas, resulta esencial ter en conta o superior interese do/da menor, é dicir, facer prevalecer os dereitos dos e das menores sobre calquera outro».

A razón de reiterar estas recomendacións, que deben presidir cada unha das actuacións de calquera profesional, viñeron esixidas e volveron abrir as feridas do suceso que tanto vén afectando a familias e vilas da ría da Arousa.

**COMISIÓN PARA
A DEFENSA
DA PROFESIÓN
E PARA A
PREVENCIÓN
DO INTRUSISMO**

Grupo de Traballo no Consejo General

José Manuel Pazos Riveiro, vogal da Comisión, asistiu á reunión que celebrou en Madrid o pasado 27 de xaneiro o Grupo de Trabajo de Defensa de la Profesión y contra el Intrusismo del Consejo General de la Psicología. A esa xuntanza asistiron representantes de dezaoto colexios oficiais de psicoloxía, ademais do vogal do Consejo General de Psicología convocante.

Todos os colexios atenden a este aspecto da defensa da profesión e loita contra do intrusismo. Tales actuacións poden clasificarse en:

- Actuacións exclusivas dos COPs que perseguen o intrusismo, denunciando aos infractores nas oficinas de consumo e tamén na Administración de Sanidade.
- Actuacións coordinadas con outros colexios profesionais ou profesións sanitarias. Dado que os colexiados e colexiadas da rama sanitaria sofren esta praga, moitos COPs propician e promocionan xuntanzas e actividades tendentes á defensa, mediante denuncias diante da Administración dos infractores e con campañas de divulgación sobre a natureza de cada profesión e visibilizando os beneficios da atención por profesionais colexiados e cualificados.

Como queira que estas campañas implican a profesionais da información, algúns COPs designan colexiados/as preparados nestes mesteres da información pública ou chegan a acordos cos profesionais da información no canto da transmisión dos contidos e áreas da Psicoloxía.

Galicia presentou aos asistentes a iniciativa levada adiante co Colexio Profesional de Xornalistas e a xornada conxunta celebrada en outubro do ano pasado, así como os acordos plasmados en forma de desplegable no documento INFORMADO_ DOR.

Fíxanse unhas liñas de actuación para os distintos colexios que permitan reflexionar sobre a esixencia de formación cabal, científica e práctica experta do noso colectivo profesional así como a necesidade dun servizo profesional experto e prestado nas mellores condicións profesionais. Respecto diso unha práctica profesional cabal, significa tamén a nosa obriga de abstermos de actuacións alén dos nosos eidos profesionais.



No seguinte enlace podes acceder ao documento INFORMADO_ DOR:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/recomendaciones_profesionais_sobre_informacion_e_sufrimiento_humano.pdf



Durante a gravación do programa

Programa «A Revista» da TVG

O día 22 de xaneiro gravouse unha intervención sobre os programas con persoas reincidentes viarias á raíz da nota de prensa que se emitiu desde o COPG en relación ás declaracións do Director General de Tráfico relacionadas con este tipo de reincidentes sobre os que parece que a Dirección Xeral de Tráfico (DGT) tan só pretende envialos ao sistema sanitario.

Defendemos un segundo nivel de intervención despois do permiso por puntos (PXP), desde a DGT, para intervir nos casos que este non abonda; estaríamos falando do 50% dos que perden todos os puntos e reinciden de novo, outro 30% non precisarían máis actuacións e quedaría o restante 20% que sí se trataría de casos de dependencia. A idea da DGT parece ser a de seguir aplicando as correspondentes multas pero que estes recursos non revirtan nas intervencións dos reincidentes, se non que se

faga cargo o sistema sanitario, colapsando máis as listaxes do que xa están e sen profesionais da psicoloxía na inspección sanitaria para realizar avaliacións psicolóxicas.

Sesión formativa e reunión do Grupo

O día 24 de febreiro, celebrouse no COPG a sesión formativa «Novos enfoques da psicoloxía nos centros de recoñecemento» que pretende achegarnos ao modelo actual da Psicoloxía da Seguridade. Despois da sesión formativa realizouse a reunión do Grupo de Tráfico e da Seguridade na que se informou da nova situación do grupo tras a aprobación do Regulamento Interno do Grupo na Xunta de Goberno do COPG do pasado 30 de xaneiro. A partir da entrada en vigor de dito regulamento é condición indispensable asinar a Aceptación (anexo III) do regulamento para poder seguir formando parte do mesmo.

Podes acceder ao regulamento no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_rexi-me_interno_do_grupo_de_trafico_e_da_seguridade.pdf

Creación da División do Tráfico e da Seguridade

O día 3 de marzo está prevista a reunión da División do Tráfico e da Seguridade do Consejo para, entre outros temas abordar, o calendario das eleccións á División que como xa se informou foi aprobada na reunión do Consejo General de la Psicología do día 12 de decembro de 2017.

Informamos de que xa figura dispoñible na páxina do Consejo General de la Psicología a solicitude de incorporación a División de Tráfico e da Seguridade. Podes realizar a túa inscrición no seguinte enlace <https://www.cop.es/index.php?page=PSTYS-formulario>

Desde aquí queremos animar a todas e todos os membros do noso Grupo de Tráfico e da Seguridade de Galicia a anotarse canto antes na División para obter unha excelente representatividade de Galicia.

*Ligazón ao apartado
do Grupo de Traballo e
Seguridade da páxina web
do COPG:
[https://copgalicia.gal/
grupos-comisions/trafico-
e-seguridade](https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade)*

Información de interese para as persoas autónomas

Desde primeiros de ano xa está en vigor, completamente, a *Ley 6/2017 de Reformas Urgentes del Trabajo Autónomo* (BOE nº 257 de 25/10/2017) da que vos dabamos conta na Circular nº269, e que contempla importantes novidades que afectan tanto ás cotizacións á Seguridade Social como ao imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, especialmente para novos emprendedores e para quen compatibilice o traballo autónomo co traballo por conta allea.

De especial importancia é a nova regulación relativa aos gastos deducibles nos rendementos netos das actividades económicas en estimación directa: gastos por subministros de electricidade, gas, auga e telecomunicacións cando o empresario ou profesional exerza a súa actividade na súa propia vivenda habitual e gastos de manutención do titular da actividade.



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

PRESENZA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA NAS DIVISIÓNS PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA



PsiE

División de Psicología
Educativa

Hipólito Puente Carracedo
G-0313



PsiJur

División de Psicología
Jurídica

Mercedes Novo Pérez
G-1492



PCyS

División de Psicología
Clínica y de la Salud

Francisco J. Sardiña Agra
G-1756



PACFD

División Psicología de la
Actividad Física y el Deporte

Mª Dolores González Fdez.
G-1935



PTORH

División Psicología
del Trabajo Organizaciones
y Recursos Humanos

José Luis Domínguez Rey
G-0136



PISoc

División de Psicología
de Intervención Social

Mª Jesús López Cernadas
G-1492

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os Colexiados e Colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo

—



APELIDOS

NOME

G-7542

Número de Colexiado/a



Nome Apelido Apelido

O teu número
de Colexición
ten moito valor
faino ver

VALEDOR DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

QUEN É?

É unha figura creada como órgano independente para encargarse da defensa e protección dos dereitos, intereses e liberdades de todos os membros do COPG.

COMO SE SOLICITA A SÚA INTERVENCIÓN?

Calquera colexiado/a pode solicitar a intervención do/a Valedor/a se considera lesionados os seus dereitos en canto profesional da Psicoloxía, tanto polo Colexio como por calquera organismo ou entidade pública ou privada.

COMO ACTÚA?

- ❑ Procedemento con vistas orais e/ou escritas, posibilidade de mediación, se é o caso, e unha resolución do mesmo nun prazo máximo de 3 meses.
- ❑ As súas recomendacións non son vinculantes, pero si poden suxerir a modificación de criterios na elaboración de acordos ou de resolucións dos órganos de goberno do COPG.

TEÑEN LIMITACIÓNS AS SÚAS ACTUACIÓNS?

- ❑ O asunto sometido á súa consideración estea pendente dalgún procedemento xudicial ou xa teña sido xulgado.
- ❑ Transcorra máis dun ano desde que se produciu o suceso.
- ❑ Se a queixa é anónima ou se aprecia mala fe nela.
- ❑ Se é ou foi obxecto da intervención da Comisión Deontolóxica.

*"Para ver o regulamento de funcionamento do/a valedor/a acceder ao seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_valedor_colexiados-as.pdf*



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 -Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicólogos